



# ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 19 DE FEBREIRO DE 2018.

### ASISTENTES:

#### Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

#### Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

Mª Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa Mª Hermo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gacifo (PSdG- PSOE)

Mª Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

Mª Ánxela Franco Pouso (BNG)

David Barrio Alonso (BNG)

#### Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:00 horas** do día **19 de febreiro de 2018**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Tamén asiste a interventora do concello, Dª. Mª Mar Lirola Delgado.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

### A) PARTE RESOLUTIVA.

1.- Aprobación da acta da sesión do 24/11/2017.

2.- Aprobación inicial dos Orzamentos Xerais para o ano 2018.

## **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 24/11/2017.**

O Sr. Alcalde- Presidente pregunta se os concelleiros queren facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria do 24/11/2017.

Non habendo intervencións, somete a votación a súa aprobación.

O Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con seis (6) abstencións (2 Portodos+ 2 PSdG- PSOE+ 2 BNG)**, polo tanto co **quórum de maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **APROBA a acta da sesión extraordinaria do 24/11/2017.**

## **2. APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2018.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor literal:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA**

*D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**, non obstante resolverá o que estime conveniente:*

*Unha vez que está confeccionados os Orzamentos Xerais do concello para o exercicio 2017 así como toda a documentación que o integra, de acordo co previsto no artigo 166 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, corresponde iniciar a súa tramitación para a súa aprobación e entrada en vigor.*

*O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos. De acordo coa Subdirección General de Estudos y Financiación de Entidades Locales "a valoración do cumprimento do obxectivo da regra de gasto verificarase con motivo do informe trimestral á execución do Orzamento, estimando o cumprimento da regra do gasto á liquidación, peron non con ocasión da aprobación do Orzamento Xeral".*

*Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o exercicio de 2018, así como toda a documentación e anexos que compoñen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:*



### ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Descrición	CRÉDITOS INICIAIS 2018 (€)
1	Gastos de persoal	2.110.072,49
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.862.199,29
3	Gastos financeiros	30.385,15
4	Transferencias correntes	837.897,04
	<b>Gastos correntes</b>	<b>5.840.553,97</b>
6	Investimentos reais	2.468.113,39
7	Transferencias de capital	6.000,00
	<b>Gastos de capital non financeiros</b>	<b>2.474.113,39</b>
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	301.382,96
	<b>Gastos financeiros</b>	<b>331.432,96</b>
	<b>Gastos totais</b>	<b>8.646.100,32</b>

### ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	PREVISIÓNS INICIAIS 2018 (€)
1	Impostos directos	2.033.272,29
2	Impostos indirectos	104.833,09
3	Taxas e outros ingresos	1.773.780,72
4	Transferencias correntes	2.731.878,72
5	Ingresos patrimoniais	22.781,00
	<b>Ingresos correntes</b>	<b>6.666.545,82</b>
6	Alleamento de investimentos	0,00
7	Transferencias de capital	1.499.687,11
	<b>Gastos de capital non financeiros</b>	<b>1.499.687,11</b>
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	449.817,39
	<b>Ingresos financeiros</b>	<b>479.867,39</b>
	<b>Ingresos totais</b>	<b>8.646.100,32</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Porto do Son para o ano 2018.

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases de execución dos Orzamentos Xerais para o exercicio 2018.

**CUARTO.-** Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 839.967,37 €.

**QUINTO.-** Expor os Orzamentos Xerais e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 169 do

texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

En caso de que non se presenten reclamacións, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, procedéndose á publicación, resumida por capítulos, dos Orzamentos Xerais así como do Cadro de Persoal, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

**SEXTO.-** Publicar a masa salarial aprobada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

**SÉTIMO.-** Dar conta do informe de avaliación de estabilidade orzamentaria unha vez incluído no expediente.

**OITAVO.-** Anular as modificacións orzamentarias de transferencias e xeracións de crédito aprobadas durante o Orzamento prorrogado.

Porto do Son, 12 de febreiro de 2018.

O Alcalde- Presidente,  
Asdo.: José Luis Oujo Pouso"

D<sup>a</sup>. Josefa M<sup>a</sup> Hermo García comeza a súa intervención afirmando que os presentes non son os Orzamentos Xerais da Corporación, senón os do PP de Porto do Son, e recorda que cando preguntou, no mes de novembro pasado, cando estarían elaborados os Orzamentos lle contestaron "que xa verían".

Di a voceira socialista que os Orzamentos se resumen nos seguintes puntos:

- Familia, emprego, protección do patrimonio histórico, festas populares e fomento da iniciativa empresarial son áreas que se contemplan á baixa.
- Grazas a que lle desen a razón ao seu grupo, incluíuse unha partida para prevención e extinción de incendios.
- Botan en falta unha previsión para a contratación de socorristas; no último ano reduciuse a contratación e para este xa non se contempla.
- Prevense 2 coordinadores de protección civil, pero debería existir máis voluntariado.
- Nos investimentos chama a atención que non se prevexa nada para o polígono industrial e unicamente uns escasos 7.000 euros para o desenvolvemento empresarial.
- Unicamente se destinan 2.000 euros á promoción turística e botan en falta unha partida orzamentaria para o centro de recepción de visitantes do Castro de Baroña e para o paseo de Cabeiro.

A Sra. Hermo García menciona que o goberno municipal se queixa do financiamento da Deputación Provincial, pero representa o 70 % fronte ao 30 % da Xunta de Galicia e o 0 % do Estado, que non financia ningún investimento.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada di que están perante a constatación, un ano máis, de que o goberno municipal decidiu unilateralmente en que gastar os cartos dos veciños, sen contar cos grupos políticos da oposición, que tamén representan aos veciños.

Continúa afirmando que os Orzamentos reflicten unha suba de impostos que se vén producindo ano a ano; engade que as principais subas impositivas, con respecto a 2017, son as seguintes:



- No Capítulo I, de aproximadamente 128.000 euros, debido a unha suba do imposto sobre bens inmobles.
- No Capítulo II, no que se contabilizan os impostos indirectos, prevé 104.833,09 euros, fundamentalmente procedentes do imposto sobre instalacións, construcións e obras.
- No Capítulo III, de máis de 70.000 euros.

A Sra. Torres Parada explica que nos 3 capítulos que citou se reflicten as subas máis importantes e supoñen máis recadación, pero non van ir ao bolso dos veciños, que están a sufrir unha perda do seu poder adquisitivo.

Di a voceira de Portodos que o goberno municipal, coa súa maioría absoluta, aprobará o que queira pero contan co seu máis rotundo rexeitamento ao gasto de 280.000 euros na compra dunha casa para o novo concello, e máis cando están recoñecendo que é máis pequena que o concello actual. Parécelle grave que cando moitas familias non chegan a fin de mes o goberno municipal despilfarre cartos en investimentos dese tipo e ideas faraónicas. Conclúe afirmando que a xente non precisa deses gastos, senón que hai outras prioridades que non se están a atender.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso afirma que é moi doado afirmar nas entrevistas que se ten vontade de diálogo, pero o goberno municipal non tivo en conta as achegas da oposición e, nin sequera, respondeu as preguntas que lle formularon sobre cuestións como a compra da chamada "casa das monxas".

Continúa a voceira do BNG sinalando que os Orzamentos marcan a dirección cara onde o goberno municipal quere levar o concello, pero estes Orzamentos teñen unha serie de eivas: non se aposta pola creación de emprego, non recollen a mínima intención de levar a cabo o parque empresarial, non contemplan ningunha acción para desenvolver o Plan Especial do Castro de Baroña, a pesares de que todos consideran que é unha fonte de emprego, e seguen a "vender fume" en relación con este asunto.

A Sra. Franco Pouso apunta que o goberno municipal xa "ten historia" no seu periplo político e a hemeroteca demostra a súa falta de coherencia: faláron dun tanatorio con crematorio pero non se fixo nada, faláron de descenso demográfico pero suben as taxas,...

Prosegue a voceira nacionalista detallando que nos Orzamentos non se contempla nada para a mobilidade ou o transporte público, a pesares de que os veciños precisan saír fóra para traballar e, por falta dese transporte, múdanse a vivir ao lugar no que traballan.

A voceira do BNG sinala que o Sr. Alcalde dixo que en tempos de crise a xente non entendería "obras faraónicas", pero iso foi o que fixeron: a Praza do Curro, empedrados por todos os lados, a compra dunha vivenda de escasas dimensións e con patoloxías na pedra que non se sabe canto custará arranxar, e aínda esta sen pagar a casa "da Sindical". Pregunta tamén como se vai asumir ese gasto a través dun crédito, canto será necesario endebedarse para arranxar esas casas que se queren mercar e para recuperar a alameda, como será esa alameda e se será de pedra.

Di a Sra. Franco Pouso que os Orzamentos lle xeran moitas dúbidas en asuntos como a compra dunha parcela en Carballosa ou o campo de fútbol de Caamaño e pídelles ao goberno municipal que sexa claro e diga se quere facer unha casa do concello nova. Engade que, ademais, o venres pasado aínda o goberno municipal tivo que facer unha corrección nos Orzamentos e

eliminar a consignación para o proxecto "Saneamento en Caamaño" porque é incapaz de executar todos os investimentos.

Conclúe a voceira nacionalista instando ao goberno municipal a que deixe de improvisar, sen saber cara onde vai, pois dese xeito non van crear emprego nin asentir poboación.

D<sup>a</sup>. María Maneiro Quintáns afirma que os Orzamentos que se debaten están equilibrados e, un ano máis, incrementáanse. Tamén aumentan os ingresos, pero sen subir os impostos, só mellorando a eficacia na recadación. Nesta derradeira cuestión, di que a Sra. Torres Parada confunde o incremento da recadación coa suba de impostos, polo que a reta a que lles sinale onde se suben os impostos. Continúa explicando que se incrementan todos os capítulos de ingresos, non só os procedentes de impostos, senón tamén os procedentes da participación nos ingresos do Estado e as transferencias.

En relación cos gastos de persoal, a Sra. Maneiro Quintáns detalla que se manteñen todos os postos do Cadro de Persoal do ano anterior e se contempla unha suba dos seus salarios do 1 %, como no anteproxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado. En alusión ao manifestado pola Sra. Hermo García, sinala que no Cadro de Persoal non figuran os socorristas porque a súa contratación está subvencionada e, cando se recibe a subvención, faise unha xeración de crédito. Tamén indica que os Orzamentos recollen unha partida para a elaboración da relación de postos de traballo (RPT), que se atopa en tramitación.

Prosegue a Sra. Maneiro Quintáns explicando que o contido dos Orzamentos que se debaten:

- Contéplase unha partida para a nova flota de vehículos, que se entregará en breve.
- Contra o dito polas voceiras da oposición, as políticas de emprego funcionan moi satisfactoriamente e o paro no concello reduciuse en 200 persoas.
- Nos Orzamentos se aposta pola colaboración coas asociacións que traballan coas persoas en risco de exclusión social.
- Pese ao manifestado pola Sra. Hermo García, mantéñense os postos de coordinadores de protección civil no Cadro de Persoal e, ademais, prevese unha subvención para a Agrupación de Protección Civil.
- Seguirase a colaborar coas comisións de festas a través de subvencións nominativas.
- Tamén se apoia o deporte con subvencións en réxime de concorrencia competitiva e para o fomento do deporte.
- Melloraranse as escolas e investiranse 23.000 euros nos colexios.
- Seguiranse a executar obras que se consideran necesarias, aínda que ás Sras. Franco Pouso e Torres Parada lle parecen superfluas e á Sra. Torres Parada faraónicas, como "Acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo", "Humanización da Travesía da Igrexa de Portosín", "Rúa Entremurallas", "Saneamento e bombeo en Noal", "Saneamento na Vixía e en Miñortos", "Saneamento na Ornanda", "Saneamento en Xuño", "Abastecemento no Pozo", "Abastecemento en Eiravedra" ou investimentos en eficiencia enerxética cunha subvención que se obterá de 379.000 euros.
- Apóstase pola accesibilidade, desenvolvendo a 1ª fase do Plan de Accesibilidade.

D<sup>a</sup>. María Maneiro Quintáns conclúe a súa intervención pedíndolle ás voceiras da oposición que lle digan cales das obras son "faraónicas".

D<sup>a</sup>. Josefa M<sup>a</sup> Hermo García di que, baseándose nas declaracións do Sr. Alcalde na prensa, resulta o seguinte:



- Falou dun parque empresarial con vías de comunicación adecuadas pero non hai parque empresarial por ningún lado.
- Tampouco hai un só euro para a fachada marítima de Porto do Son, proxecto para o que o Sr. Tomé Piñeiro tiña comprometida unha axuda.
- A Intervención di que hai que acurtar o prazo para a tramitación das facturas e está a incumprirse o prazo para o pago a provedores.

A voceira do PSdG- PSOE continúa sinalando que nos Orzamentos figuran 108.000 euros, que pide que o Sr. Alcalde explique. Continúa indicando que nos Orzamentos tampouco figura ningunha consignación en relación co GALP- 4, tampouco hai consignación para a promoción da igualdade ou para a promoción do emprego.

A Sra. Hermo García pídelles ao goberno municipal que os informe cando se reúnan cos sindicatos para negociar a RPT e tamén se manterán xuntanzas cos outros grupos políticos. Prosegue a súa intervención preguntando como se vai promocionar a cultura e se se fará unicamente mediante o que achega a Deputación Provincial, se para a promoción da piscina se vai facer algo máis que un convenio coas ANPA e cantos autobuses de sicilianos virán a Porto do Son, xa que desde o concello se foi a Sicilia.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada afirma que a Sra. Maneiro Quintáns terxiversa as súas palabras, pois o certo é que se están a subir os impostos desde fai anos e próbano as modificacións das ordenanzas fiscais.

A voceira de Portodos di que no seu grupo non están en contra das obras, agás a compra da "casa das monxas". Explica que se opoñen aos investimentos que lles parece innecesarios e unha falta de consideración cos cartos dos veciños; apunta que desde o mesmo goberno municipal se recoñeceu que a "casa das monxas" non ten superficie suficiente para as oficinas municipais e pregúntase se farían ese gasto de ter que empregar os seus cartos. Prosegue indicando que, polas afirmacións vertidas nos medios, se pretende xustificar a adquisición dese inmovible e a derruba da Casa do Concello coa recuperación da antiga alameda pero, para ese fin, puido comezarse buscando unha ubicación alternativa para a escola infantil cando se derrubou a Casa do Mar.

A Sra. Torres Parada afirma que as accións do goberno municipal son unha mostra de improvisación e que ningún veciño entende que en tempo de crise se suban os impostos para logo malgastar o recadado. Menciona que fai pouco se gastaron miles de euros en reformar a Casa do Concello e, como os cartos saen dos seus petos, non lles parece que sexa maneira de xestionar, e pregúntase se está xustificado subir os impostos para logo despilfarrar o recadado.

Afirma a voceira de Portodos que non quere volver escoitar á Sra. Maneiro Quintáns terxiversar as súas verbas, pois no seu grupo están de acordo coas obras, agás coa derruba da Casa do Concello e a compra da "casa das monxas". Engade que o concello non é do goberno municipal senón dos veciños e a casa consistorial presta o seu servizo, ademais melloráronse os servizos aos cidadáns sen necesidade de trasladar o concello.

Conclúe a súa intervención instando ao goberno municipal a que se axuste as necesidades dos veciños de Porto do Son, non ás súas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso di que reitera o manifestado pola Sra. Torres Parada e apoian moitas das obras recollidas nos Orzamentos Xerais. Tamén sinala que aínda están todas as

obras do POS 2017 e do POS 2018 sen executar e que o goberno municipal criticou a falta de fondos do Plan Único pero non os dá gastado.

A voceira do BNG afirma que o goberno municipal lles custa máis de 104.000 euros, Seguridade Social á parte, e 18.000 euros dunha secretaria de Alcaldía, mentres que o goberno do que formou parte, nunha Corporación de 17 concelleiros, costaba só 131.000 euros brutos. No goberno do que formou parte ela só había 3 dedicacións exclusivas mentres que agora, aínda que só ten dedicación exclusiva o Alcalde, o resto de concelleiros teñen dedicacións parciais e pregúntase como pode custar máis a secretaria de Alcaldía que o concelleiro D. Xoán Xosé León Martínez cunha dedicación exclusiva.

Pregunta tamén a Sra. Franco Pouso se lle parece serio ao goberno municipal que, logo do que se gastou na obra da Praza do Curro, se inunden os baixos dos edificios e que na pasarela da praia da Arnela se tivese que actuar para evitar unha derruba.

Continúa a voceira nacionalista pedíndolle ao goberno municipal que deixe de mentir e afirmando que o goberno municipal non e capaz de executar os cartos que recibe, o que lle parece moi grave. Tamén menciona que a Sra. Maneiro Quintáns dixo que non se crearan taxas novas pero antes os nenos da parroquias tiñan escolas de verán gratuítas. Tamén pide que se lle explique aos veciños porque se van gastar 30.385,15 euros en xuros de operacións de endebedamento, na compra da antiga Cámara Agraria ou na indemnización a Coiramar. Prosegue instando á Sra. Maneiro Quintáns para que explique como se van empregar os 28.000 euros para o campo de fútbol de Caamaño e a que se van destinar os 23.000 euros para a compra dunha parcela en Carballosa.

Remata a súa intervención instando aos membros do goberno municipal a que traballen.

D<sup>a</sup>. María Maneiro Quintáns sinala que, segundo as voceiras da oposición, ela terxiversa e minte pero elas non son quen de dicir que imposto sube. Tamén apunta que as voceiras dos grupos da oposición cualificaron as obras do Anexo de Investimentos de "faraónicas", e pídelles que indiquen en que parte dese documento figura a derruba da Casa do Concello, pois non figura. Continúa instando ás voceiras dos outros grupos políticos que non confundan á xente, pois a recuperación da alameda non consiste en voltar ao que había nos anos 30 e comezouse con ela coa construción da escola infantil.

A Sra. Maneiro Quintáns, en relación coa adquisición dun inmovible explica que é un proxecto a futuro e que podería ou non acoller a Casa do Concello. Engade que saben que o espazo na Casa do Concello é insuficiente e que se adecuaron as oficinas económicas cunha subvención da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

En relación ao manifestado pola Sra. Franco Pouso acerca da falta de autorización para varias obras, pregúntalle se pretende que as liciten sen dispor das autorizacións sectoriais. Tamén indica que a voceira do BNG mencionou os salarios dos concelleiros dos gobernos municipais e, ao respecto, o Sr. León Martínez tiña unha dedicación parcial cun importe superior á de calquera das existentes na actualidade, e engade que a Sra. Franco Pouso, como 1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde, cobraba 2.400 euros ao mes, mentres que ela percibe 1.700 euros, uns 10.000 euros menos ao ano, polo que debe calar.

Referíndose ao proxecto "Saneamento en Caamaño", detalla que esa obra se financia cun préstamo provincial que afectaba á estabilidade orzamentaria, polo que cabían dúas opcións: incluír o proxecto nos Orzamentos Xerais de inicio ou facelo cando se aprobe o financiamento,



optándose por esta derradeira opción, de xeito que se incorporará aos Orzamentos cando a Deputación da Coruña aprobe o POS 2018.

Aludindo á intervención da Sra. Hermo García, explica que a voceira socialista está a confundirse, pois tanto a rotonda de Portosín como o proxecto da fachada marítima se inclúen nos Orzamentos da Xunta de Galicia, non nos do concello. Ao respecto, sinala que os investimentos da Xunta no Concello de Porto do Son ascende a máis de 8 millóns de euros.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde- Presidente para agradecerlle á Sra. interventora e á Sra. Concelleira Delegada de Facenda o traballo de elaboración dos Orzamentos municipais.

Continúa a intervención manifestando que lle resulta curioso que as voceiras dos grupos da oposición asistisen á sesión de aprobación dos Orzamentos, un dos máis importantes, e nin os mirasen, limitándose a criticar.

Dirixíndose á Sra. Franco Pouso, o Sr. Alcalde- Presidente sinala que ela, cando gobernaba, tamén mercou unha vivenda.

Referíndose ao manifestado pola Sra. Hermo García, cualifica de vergoña que diga que a rotonda de Portosín ou o proxecto da fachada marítima non figuran nos Orzamentos, e engade que non é un despilfarro facer unha pasarela no Castro de Baroña ou adquirir terreos.

En relación coa construción do parque empresarial do concello, o Sr. Alcalde- Presidente informa que na semana que vén manterá unha xuntanza sobre este asunto cos interesados. Sobre este asunto, recorda que a voceira do BNG, cando gobernaba, dixera no xornal que as máquinas xa estaban a punto de entrar ás parcelas para facer o parque.

Doutro lado, o Sr. Alcalde- Presidente dille a voceira do PSdG- PSOE que axiña terá noticias da axuda do Estado para construír unha pasarela ata o IES e, respecto da contratación de socorristas e brigadas de loita contra incendios, explica que se trata de competencias da Xunta de Galicia, que outorga unhas subvencións o que, cando teña lugar, dará lugar á oportuna xeración de crédito orzamentario. Engade que a falla de socorristas vén dada pola ausencia de profesionais.

En referencia ás manifestacións da Sra. Torres Parada, o Sr. Alcalde- Presidente apunta que a ela non lle pareceu un despilfarro que se perdesen 3 millóns de euros da fachada marítima e querer facer un aparcadoiro subterráneo.

O Sr. Alcalde- Presidente menciona que a voceira do BNG aludiu á indemnización de 400.000 euros pola actuación na UA- 2, pero deriva dunha xestión que non realizou o actual goberno municipal.

Pídelle o Sr. Alcalde- Presidente á Sra. Torres Parada que non diga que suben os impostos e que se felicite pola boa xestión da recadación, posto que todos teñen a obriga de pagar impostos, como ela sabe ben.

Dª. Mª Asunción Torres Parada cualifica ao Sr. Alcalde de senvergoña e di que ten máis cara ca costas e o Sr. Alcalde- Presidente advírtea por vez primeira.

Continúa o Sr. Alcalde- Presidente indicando que as voceiras dos grupos da oposición non saben que van criticar e acordaron criticar a adquisición dun inmovible.

Aludindo ao manifestado pola Sra. Franco Pouso, o Sr. Alcalde- Presidente insta a que non fale do parque empresarial, pois a máquina que anunciou debeu perderse; tamén se pregunta se o que quería facer a voceira do BNG cando gobernaba na parcela da antiga Casa do Mar era un taboleiro de xadrez. Prosegue indicando que o Plan Especial do Castro de Baroña se desenvolverá e que xa se adquiriron algúns terreos. En relación coa implantación dun tanatorio, di que o que lle molesta é que haxa ese tanatorio. No relativo ao descenso demográfico, apunta que é un tema no que pode facer moitas cousas desde a área que xestiona na Deputación Provincial. Tamén sinala que a voceira do BNG aludiu a obras faraónicas pero non recorda que o seu goberno pediu un crédito de 2 millóns de euros e fixo obras como a do Museo do Mar, a da rede wimax ou a Casa da Cultura de Xuño.

En relación coa adquisición da antiga Cámara Agraria, o Sr. Alcalde explica que o seu goberno fixo unha moi boa xestión para comprar ese inmovible con moi pouco custo. Explica que o inmovible se porá a disposición da Garda Civil, que é un corpo que está a prestar un moi bo servizo, a pesares do que dixeron as voceiras dos grupos políticos da oposición.

No relativo ao proxecto do campo de fútbol de Caamaño, detalla que é un proxecto que se executará e, se a Sra. Franco Pouso lese ben os documentos, vería a que se destina a partida orzamentaria consignada para ese fin. O Sr. Alcalde- Presidente tamén critica que a voceira nacionalista mencionase as obras do POS que sabe que aínda non aprobou a Deputación Provincial.

Referíndose á adquisición dunha parcela en Carballosa o Sr. Alcalde- Presidente explica que teñen un preacordo para adquirir unha finca, xunto ao bar "de Chuca", co fin de destinala a zona de ocio, que se trata dunha actuación moi demandada polos veciños.

O Sr. Alcalde- Presidente apunta que a voceira do BNG mencionou o custo para o concello dos seus salarios pero ela gaña 60.000 euros na Deputación Provincial e ademais dispón de coche oficial. Engade que á vindeira sesión traerá as actas da Comisión de Servizos Sociais da Deputación que, na maioría dos casos, non se celebraban por falta de asuntos. Engade que o goberno municipal o que non fai é por as súas fotos cando realizan unha actividade.

O Sr. Alcalde- Presidente di que os investimentos da Xunta de Galicia en Porto do Son acadan case 8,5 millóns de euros, e procede a detallalos.

Conclúe a súa intervención agradecendo novamente o traballo de Intervención e da Concellería de Facenda.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con seis (6) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG)**, polo tanto co **quorum da maioría absoluta**, sendo **trece (13)** o número legal de membros da Corporación, **APROBA a proposta** nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **21:30 horas** do día **19 de febreiro de 2018**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE.  
Asdo. José Luis Oujó Pouso



O SECRETARIO, que dá fe.  
Asdo. José Manuel González García

